

CRÓNICA DUN VERÁN

1552

Jean Rouch / Edgar Morin, 1961

ESTREA EN NUMAX: 14.07.2025 | V.O.S.E. | 90 min

París, verán de 1960. O antropólogo e cineasta Jean Rouch, acompañado polo sociólogo e crítico de cinema Edgar Morin, e asistidos por Marceline Loridan e Nadine Ballot, deambulan polas rúas abarrotadas preguntando á xente común e corrente como afrontar as desgrazas da vida. Es feliz? Pero o seu verdadeiro propósito é investigar se as persoas normais poden falar sinceramente fronte unha cámara e como reaccionan cando se lles invita a analizar o significado das súas respostas.

O filme terá dúas proxeccións no ciclo “10/10. As espectadoras presentan” no que, dentro da celebración do décimo aniversario da cooperativa, convidamos as dez usuarias máis habituais da sala a seleccionar e programar unha película. Neste caso o programador e presentador das sesións é Julio Vilariño, que ademais elaborou o texto da folla de sala.



O pai do cinema etnográfico moderno

Por Julio Vilariño

Se ben hai claros precedentes na historia do cinema, como Dziga Vertov, Robert J. Flaherty, John Marshall ou mesmo moitos dos noticiosos da época do cinema primitivo, podemos considerar ao francés Jean Rouch como o máximo representante e pai de todo o cinema etnográfico moderno. Enxeñeiro de formación, o director traballou en época colonial na construción de infraestruturas ao longo do río Níxer. Despois dun accidente que matou a dez traballadores Rouch puido ver un ritual levado a cabo por unha médium nixeriana, facéndose amigo do seu neto, Damouré Zika e interesándose polas culturas Zarma e Songhai.

Tras volver a Francia para participar na Resistencia contra o nazismo, comezou a estudar filosofía na Sorbona e decidiu interesarse pola representación antropolóxica da cultura arredor do Níxer, viaxando novamente a África para percorrer o río en canoa e facendo unha serie de documentais como *A caza do hipopótamo* (*Chasse à l'Hippopotame*, 1946), *Iniciación ao baile dos posuídos* (*Initiation à la danse des possédés*, 1947) ou *A batalla no grande río* (*Bataille sur le grand fleuve*, 1950-1952), primeiro filme no que colaborou con Zika.

Se ben os primeiros filmes son documentais máis clásicos, Rouch foi desenvolvendo aos poucos unha metodoloxía de colaboración entre as dúas figuras clásicas da antropoloxía: o observador e o observado. Así, partindo dunha práctica que xa iniciara Flaherty, comezou a revelar nun laboratorio caseiro a película filmada cada noite despois das rodaxes para proxectala e visionala xunto aos protagonistas dos filmes, debatindo entre todos a construción das escenas e construíndo os filmes de maneira colectiva.

Así, en colaboración con Dika, Lam Ibrahima Dia e Moustapha Alassane entre outros amigos que fixo (todos eles cineastas de seu anos despois), Rouch comezou elaborar unha serie de importantes filmes, algúns documentais, outros semificcionalis, que constitúen a pedra de toque sobre a que se constrúe o cinema etnográfico moderno: *Os mestres tolos* (*Les maitres fous*, 1953), *Xaguar* (*Jaguar*, 1953-1967), *Eu, un negro* (*Moi, un noir*, 1957) ou *A caza do león con arco e flechas* (*La Chasse au lion à l'arc et aux fleches*, 1957-1963), todos eles segundo ese método de rodaxe ao que o director denominou "antropoloxía compartida".

Ademais Rouch recuperou o concepto de cinema-verdade de Vertov, buscando, nas súas palabras, "Non un cinema-verdade, senón a verdade do cinema". Na fundacional *Crónica dun verán* (*Chronique d'un été*, 1960), codirixida con Edgar Morin e inauguradora do que se deu en chamar *cinéma-verité*, a cámara convértese nunha presenza que intervéen e pensa. As persoas entrevistadas e os realizadores ocupan un mesmo lugar, discuten sobre o tema principal que se lles propón (a felicidade), e trazan un mapa da situación política, social e económica da Francia da época, interrogándose sobre a propia veracidade do representado e poñéndoo en escena.